

Un día que estabamos xogando no recreo marchou o balón fóra do patio e foi caer á Fraga de Oñitram. Un neno saltou a sebe para collelo e alí atopou a... RABICHO.

Un bicho horrible de cor azul e ollos amarelos cunha boca enorme chea de dentes coa que lle fixo:




O bicho quería mordelo, non deixaba de abrir a boca.

Asustado chamou a un compañeiro que baixou tamén á fraga, pero cal non sería a súa sorpresa: agora eran dous os rabichos que lles perseguían.

De súpeto, detrás das árbores comezaron a moverse as follas, oíron un son que saía do máis fondo do bosque.

¡Era unha serpe que parecía voar de rama en rama! Emitía fortes sons e botaba a súa lingua bífida en todos os sentidos.

Os nenos fixéronse amigos da serpe para que os defendera dos rabichos e dixéronlle:



A serpe saltou enriba dun rabicho, inxectoulle o seu veneno e deixouno adormecido.

Os nenos e a serpe seguiron andando, axiña chegaba a noite, todo se poñía escuro e escoitaron:



Os nenos, a serpe e a curuxa seguiron camiñando ata que atoparon unha cova escura e misteriosa. Como estaban moi cansos decidiron entrar a durmir dentro.

A primeira en entrar foi a curuxa, pois ela era a que mellor vía na escuridade.

Un dos nenos non paraba de preguntar:



Cando chegaron ao final do camiño da luz, de súpeto, a curuxa convértese nunha bruxa e volve a escuridade:

- AAAHHH!!!



A escuridade era tanta que quedaron petrificados sen saber que facer. Estaban tan asustados que non podían nin berrar.



A luz que desprendía a serpe iluminaba suavemente o camiño e puideron ver aos morcegos pendurados do teito e o chan cheo de pingas de sangue e restos de ósos.

O corazón batíalles tan forte que parecía que lles ía saír do peito. Os pelos puxéronselles de punta e berraron canto puideron. Botaron a correr a fume de carozo buscando a saída. Xa pensaban que estaban fóra cando de repente se toparon cunha araña xigantesca, e a súa tea que lles cerraba o camiño. A través da tea divisábase unha sala grande e no medio o enorme pote da bruxa do que estaban a saír centos de rabichos. Quixeron dar volta pero ás súas costas estaba a bruxa agardándoos.

Estaban que mexaban por eles, oíron un grande estrondo, a terra tremeu enriba e arredor das súas cabezas, unha nube de po inundou toda a cova. Os berros e a risa da bruxa íanse achegando tanto que lles rebentaban os oídos.



O corazón case lles saía pola boca, se non fora porque os dentes de enriba batían fortemente cos de abaixo e non o deixaban saír. Os dous tiñan os ollos regalados e ao mesmo tempo non podían despegar os pes do chan nin tampouco articular palabra.


Dun burato que había a un lado saía a luz de dous ollos verdes, aqueles ollos alzáronse contra eles e non tardaron en recoñecer que era un rabicho diferente. O corpo era de cor negra e na súa boca suxeitaba o balón que andaban buscando.

Era unha noite silenciosa, toda a Fraga dormitaba en calma. A lúa chea tapada por pequenos nubeiros reflectía unha Fraga núa de final de outono, principios de inverno.



Os carballos amosaban esbrancuxadas as súas grandes pólas e raíces. Outras partes do bosque estaban ocupadas polas grandes sombras da noite.

Aproveitando a desfeita os nenos escaparon. Tamén querían recuperar a pelota, polo que foron tras dela. Decidiron baixar ao pozo. A serpe fíxolles de corda, estaba moi escuro, pero a corda era fosforescente e, por sorte, o pozo non tiña auga. Cando tocaron cos pés no chan topáronse nunha encrucillada de catro camiños. Na entrada do camiño da esquerda había unha caveira, da que saían luces polos buratos dos ollos, da boca e do nariz, de cor entre laranxa e vermella, que iluminaban tepedamente o lugar. Non sabían que camiño coller, chocaron as palmas das dúas mans e ao mesmo tempo dixeron:



Escoitaran pola festa do Samaín que as caveiras espantaban as bruxas

Saltaron por enriba da caveira e colleron o camiño da esquerda. Era un corredor de pedras cun forte olor a humidade. De súpeto unha raiola de sol furaba por un burato e iluminaba un oco que había na parede, alí había unha nota que dicía “A Fraga de Oñitram está enmeigada pola Dona do Monte das Croas que está aquí cerca”.

Un dos nenos dixo “lembro unha antiga lenda que me contou meu avó sobre a Dona do Monte das Croas”. Decía que no Monte das Croas habitaba unha Dona moi fermosa. Vivía nun pazo que había no interior do monte no que agachaba un gran tesouro. Moitos eran os que desexaban atopalo e non o conseguían, a pesar de que dicía o lugar exacto en que o acubillaba:




A Dona encantada aparecíase a miúdo aos habitantes daqueles lugares, pero estes fuxían dela coma se fora unha posesa dos malos espíritos.

O que non sabían os rapaces é que o meigallo afectaba a Fraga de Oñitram e todos os seus arredores, entre eles un colexio que hai alí mesmo.

Na nota dicía que para desfacer o meigallo hai que atopar un caracol que está á saída da cova da bruxa Curuxa. O caracol garda o feitizo na súa concha, pero está protexido polo monstro Roxelume que bota unhas chamas pola boca que poden chegar a toda a Fraga.

Botaron a correr en canto remataron de ler a nota. Cando chegaron ao final da cova apareceu o monstro Roxelume que, ao velos, botou unha enorme chama pola boca chamuscándolles os pelos da cabeza, as cellas e ata as pestanas. Tiveron que recuar e, de súpeto, apareceron moitos rabichos, que foron directos ata o monstro. E como eran tantos non se podía desfacer deles.



Os nenos puxéronse a animar aos rabichos, pero cando botou unha enorme chamarada aterrorizáronse, e aproveitaron nese momento un pequeno oco para saír da cova da bruxa Curuxa.

Era unha noite silenciosa, toda a Fraga dormitaba en calma. A lúa chea tapada por pequenos nubeiros reflectía unha Fraga núa de final de outono, principios de inverno.



Os carballos amosaban esbrancuxadas as súas grandes pólas e raíces. Outras partes do bosque estaban ocupadas polas grandes sombras da noite.

Debaixo dunhas follas, medio escondido, descubriron os brillantes ollos amarelos dun grande saporrá, que ao alentar lles fixo: croá-croá.

De seguido púxose a andar por un carreiro que había entre árbores, fentos, silvas e outras malezas da Fraga.



O saporrá seguía andando co seu croá-croá. Os nenos entenderon o sinal e seguírono. O croá-croá pasado un pouco comezou a facer eco.

Croaaaaaaaaa Croaaaaaaaaa Croaaaaaaaaa.....

Ese era o único son que se escoitaba na Fraga aquela noite.

O carreiro levounos a unha fonte de auga limpiña cun fondo claro de area e pedras brancas. Saporrá atravesouna nun instante !Choff!. Ao saír viron escrito no seu fondo:



O caracol que andades a buscar está aquí, a miña beira. Para podelo descubrir, primeiro tendes que lle dar na boca un muá muá a croá-croá

Ao levantar a vista da fonte viron a croá–croá que estaba barriga arriba e cos beizos ben postos para recibir o bico.

Ningún dos dous quería darlle o bico, pero ante a obriga decidiron dállelo os dous ao mesmo tempo, un por cada lado.

No canto do saporrá apareceu un vello caracol cunha grande concha branca na que estaba escrito o feitizo que encantou a Fraga de Oñitram e ao colexio, convertendo aos seus habitantes en rabichos.

O feitizo dicía :

O vampiro Zafiro
vivía nunha mansión vella
tenebrosa e vermella.

Unha noite de tormenta
na que as árbores
cheiraban a menta,
xirando nun furacán
apareceu a bruxa Curuxa
a cabalo do seu can.

Chamou á porta
pedindo unha torta
abriulle un cadáver
e pediulle a clave

- !Abra Cadabra,
pata de Cabra!
- Dixo a bruxa.
Pasa – dixo o esqueleto
poñendo a man no peto.

Chegou Zafiro,
o vampiro
e invitouna
a ver un morcego
morto de medo.
Xuntos fixeron
unha cea golosa
na mansión tenebrosa.



Ao acabar de ler o feitizo viron como nun claro da Fraga se levantaba unha polvoriña. Co seu po foise facendo unha escada, e por ela subían cara as nubes, por orde, todos os seres que atoparon ao ir buscar o balón, agás, os rabichos.

De primeira ía a serpe, e detrás os outros: a Curuxa, a Bruxa, Roxelume, Saporrá, e de último o vello Caracol. Todos ao ir collendo altura fóronse esvaíndo, transformándose en nubiños de variadas formas e cores. Máis se observas ben as nubes, aínda podes recoñecer as súas formas orixinais.



Deluvaron os ollos, nese momento clarexou o día. No sitio onde estaba o caracol apareceu o balón que buscaban. Dun patadón mandárono ao patio do colexio. Onde antes había rabichos, agora aparecían nenas e nenos xogando. Seguiron o partido ata que tocou o timbre e tiveron que entrar de novo nas clases. Coma sempre; ou non?

Epílogo

Esta historia transcorreu no CEIP San Martiño durante os meses de novembro e decembro do ano 2006. É un conto viaxeiro que comezou en Ed. Infantil e viaxou por todos os cursos de Ed. Primaria, rematando en 6º. Fixémolo con moita ilusión. Oxalá vos guste.

Os personaxes principais son dous nenos que van en busca do balón que se lles escapa do patio. Pero que se van atopando con diferentes seres con grande significado no mundo máxico da tradición:



Fraga de Oñitram.- fraga encantada na que transcorre a historia que está ao pé do CEIP San Martiño. Oñitram é Martiño escrito ao revés.¶

Rabichos.- seres fantásticos que apareceron na Fraga de Oñitram debido a un encantamento da Dona do Monte das Croas.



Serpe con ás.- as serpes ao facerse vellas sáenlles ás.

A Curuxa.- forma que poden tomar as



bruxas.



Bruxa.- muller que por herdanza poderes e coñece receitas para mal. Teñen que herdar doutra vasoira máxica e o pote e saber de memoria as oracións que lles son propias.

goza de causar bruxa a



Dona do Monte das Croas.- lenda antiga de tradición oral. A Dona vive nun pazo debaixo do Monte das Croas na parroquia de Salcedo.

Ruxelume.- monstro de creación propia. Bota unhas chamas pola boca capaces de queimar un monte enteiro




Sapos.- comen terra, son velenosos e pezoñosos. Algunhas bruxas teñen varios ao seu servizo.


Sombras.- os asombramentos son moi perigosos. Soen ser os nenos e as nenas os máis prexudicados polas sombras. enfracuecen, non medran, vólvense pálidos e dóelles todo.



Caracois.- seres que agochan feitizos nas súas conchas.

Nubeiro.- ser sobrenatural que se encarga de provocar treboadas e facer dano. Os nubeiros para elevarse ás nubes usan diferentes procedementos: un deles é a polvoriña que consiste en xuntar po e mexar nel o que produce un remuíño maxicamente ao que se agarran para subir ata as nubes.





Assí quedou o conto



